

LATEXOS

RÍTMOS, PAISAXES E SENTIRES NO CAMIÑO PRIMITIVO

Proxecto beneficiario do programa *O teu Xacobeo*

VERTIXE SONORA

PERFORMANCE/INSTALACIÓN
CONFLUENCIA/REDE

Venres 8 de novembro ás 19:30h
IGREXA DE SAN PEDRO
MELIDE



vertixesonora.net

LATEXOS

RÍTMOS, PAISAXES E SENTIRES NO CAMIÑO PRIMITIVO

PRELUDIO

Xoán Xil (Sarria, 1972) *Latexos III* (2019)

Dos rexistros sonoros no camiño realizados polo alumnado do IES de Melide, do Conservatorio Profesional de Música, veciños, visitantes e camiñantes.

CONFLUENCIA/REDE

Performance con formato de instalación, na que o público pode transitar libremente polo espazo da intervención para descubrir os sons xerados e filtrados polas dimensións e características do lugar e os obxectos que contén, alterados en directo polo transitar dos visitantes.

A obra parte dun acercamento ecolóxico ao uso da tecnoloxía na arte, utilizando tablets e smartphones reciclados que, colocados en caixas de cartón (tamén recolleitas para a ocasión) captan, amplifican e mesturan os sons da propia contorna con outros xerados polo artista. Deste xeito, créase unha interacción en vivo entre a distribución dos obxectos, os visitantes, e as accións do intérprete.

Ademais, utilizando as redes móbiles, GPS e compases das tablets e smartphones, os altosfalantes de cartón reproducirán historias e reflexións sobre o Camiño e o acto de camiñar tomadas de clásicos como Thoreau ou Emmerson, así como de autores recentes como o antropólogo francés David Le Breton. Baseadas na orientación das caixas no espazo e en relación a Compostela, as distintas localizacións dentro do recinto ofrecerán variacións sobre as historias e os sons xerados, simbolizando a confluencia de camiñantes de varias procedencias (Melide supón a confluencia do Camiño Primitivo coa ruta desde Francia) nun mesmo espazo-tempo.

ÁNGEL FARALDO *concepción e performance*